

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**3163** *Real decreto 488/2012, do 5 de marzo, polo que se modifica a alínea d) da cláusula 8 do prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro.*

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), na sentenza do 22 de abril de 2010, declara que España incumpriu as obrigas que lle incumben en virtude dos artigos 3 (número 1) e 11 (números 3 e 6) da Directiva 93/37/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1993, en relación coa adxudicación a Ibérica de Autopistas, Concesionaria Española, S. A., dos contratos de obras:

- da construción dun terceiro carril de circulación por sentido no tramo de peaxe da autoestrada A-6, situado entre a localidade de Villalba e a conexión do Valle de los Caídos;
- da construción dun terceiro carril reversible no tramo de peaxe da autoestrada A-6, situado entre o enlace do Valle de los Caídos e a cidade de San Rafael, incluída a construción dun novo túnel, e
- da construción dun cuarto carril de circulación por sentido no tramo gratuito da autoestrada A-6 situado entre as cidades de Madrid e Villalba, sen que estas obras se mencionasen no obxecto do contrato de concesión de obras públicas, tal e como se describía no anuncio publicado no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas» (DOCE) e no prego de condicións.

A sentenza declara que o Goberno de España vulnerou a directiva comunitaria citada sobre contratación pública ao non se ter publicado nin no anuncio no DOCE nin no prego de cláusulas administrativas particulares do concurso a totalidade das obras que executarían o concesionario.

Para dar debida conta das obrigas recollidas na citada sentenza, o Reino de España comprometeuse, entre outras medidas, a modificar a cláusula 8 do prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, no sentido de delimitar as características das melloras que se poden admitir, por proposta do licitador dunha concesión de autoestrada de peaxe, co fin de evitar que os licitadores propoñan melloras non amparadas polo obxecto dun contrato, pois a adxudicación desas obras sen a debida publicidade resulta contraria aos principios de transparencia e igualdade, segundo declarou o TXUE.

A reforma modifica a letra d) da cláusula 8 do prego de cláusulas xerais, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, coa finalidade de establecer límites cualitativos e cuantitativos ás melloras. Entre os primeiros está limitar as melloras a supostos concretos (características estruturais da obra, réxime de explotación, medidas para evitar os danos ao ambiente e recursos naturais, pero non a localización), que, ademais, se complementa cunha descrición do que, en ningún caso, se consideran melloras.

Entre os cuantitativos, fíxase un límite obxectivo que impide a existencia de melloras cando o seu valor estimado exceda o 5 por 100 do valor estimado do contrato e limitanse as expropiacións a unha superficie que non exceda o 5 por 100 da prevista no anteproxecto que sirva de base á dita licitación.

A conveniencia de modificar o dito prego de cláusulas xerais con obxecto de adaptalo aos cambios normativos que foron sucedéndose no tempo foi posta de manifesto en varias ocasións por diversos órganos administrativos. Non obstante, a procedencia de acometer esa reforma xeral non debe ser obstáculo para anticipar a reforma parcial que agora se propón para cumprir a citada sentenza do TXUE.

Este real decreto foi sometido a audiencia das sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe dependentes da Administración xeral do Estado.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Fomento, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de ditame do Consello de Estado, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de marzo de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da letra d) da cláusula 8 do prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro.*

A letra d) da cláusula 8 do prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, queda redactada como segue:

«d) As modificacións ou adicións que supoñan unha mellora do anteproxecto, cando o prego de cláusulas administrativas particulares o recolla de maneira clara, precisa e inequívoca, e nos termos que estableza.

1. Tales melloras só se poderán referir a características estruturais da obra, ao seu réxime de explotación e ás medidas tendentes a evitar os danos ao ambiente e os recursos naturais, pero non á súa localización.

Para estes efectos, exclusivamente, consideraranse melloras nas características estruturais da obra as que afecten algunha das seguintes:

- 1.<sup>a</sup> Parámetros de trazado.
- 2.<sup>a</sup> Tipoloxía de enlaces previstos, sen alterar a súa localización e sempre que se mellore a funcionalidade dos movementos que incorporan.
- 3.<sup>a</sup> Áreas de servizo e mantemento.

2. En ningún caso se admitirán como melloras:

- 1.<sup>a</sup> A realización de obras fóra da área de influencia da autoestrada.
- 2.<sup>a</sup> A realización de traballos que, por si sós, sexan susceptibles de constituír contratos públicos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior ao dos suxeitos a regulación harmonizada.
- 3.<sup>a</sup> A realización de obras cuxo valor estimado exceda o 5 por 100 do valor estimado do contrato ou para as cales sexa necesario expropiar unha superficie que exceda o 5 por 100 da prevista no anteproxecto.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, sobre lexislación básica en materia contratos e concesións.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO